



[https://printo.it/pediatric-rheumatology/ES\\_GL/intro](https://printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro)

## Síndromes de dor nas extremidades

Versión de 2016

### 4. Eritromelalxia

#### 4.1 Que é?

Tamén se chama «eritermalxia». O nome deste trastorno deriva de 3 palabras gregas: erythros (vermello), melos (membro) e algos (dor). É extremadamente pouco frecuente, aínda que pode aparecer en familias. A maioría dos nenos teñen uns 10 anos de idade cando empezan a presentar síntomas. É máis frecuente en nenas.

As manifestacións clínicas inclúen unha sensación de ardor, con calor, cor vermella e inflamación dos pés ou, con menor frecuencia, das mans. Os síntomas empeoran tras a exposición á calor e alívanse ao arrefriar a extremidade, ata o punto de que algúns nenos só queren ter os pés metidos en auga xeada. A evolución é crónica, presentando estes síntomas de forma continuada. As medidas de control máis útiles parecen ser evitar a calor e o exercicio intenso.

Poden utilizarse moitos fármacos diferentes nun intento de aliviar a dor, incluídos os antiinflamatorios, analxésicos e fármacos para mellorar a circulación sanguínea (chamados «vasodilatadores»). O médico receitará o que sexa máis apropiado para cada neno.